

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 12/2000.

ID: 678

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VOCALIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

Don Luis Alfonso Casais Fernández
(en sustitución de Don Emilio Sánchez
Coto).

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a doce de xuño de dous mil un, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte
RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 12/2000, para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "**SERRA DE MONCAIS, SERRA DA PARTE e O CORNADO**", ubicado no concello de

MONFORTE DE LEMOS, iniciado por acordo do Xurado coa data do 14 de xuño de 2000, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL VEIGA FRANCO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 21 de xuño de 2000), iniciouse o expediente número 12/2000 (por instancia de **DONA MARÍA LUISA MOSQUERA CASANOVA e 3 veciños máis da parroquia da PARTE**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 21 de xuño de 2000, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 1 de setembro de 2000, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte "**SERRA DE MONCAIS, CORNADO e SERRA DA PARTE**", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

CUARTO: Coa data do 22 de febreiro de 2001 (registro de saída número 26.893, do día 26 do mesmo mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 5 de marzo de 2001, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que o monte "**SERRA DE MONCAIS, SERRA DA PARTE e O CORNADO**", tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese Rexistro e non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente ó predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 19 de marzo de 2001 (registro de saída número 38.494, do día 20 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

SÉTIMO: Coa data do 19 de marzo de 2001 (registro de saída número 38.496, do día 20 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia da **PARTÉ** no concello de **MONFORTE DE LEMOS**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte "**SERRA DE MONCAIS, SERRA DA PARTE e O CORNADO**", (con voz pero sen voto).

OITAVO: Coa data do 19 de marzo de 2001 (registro de saída número 40.034, do día 22 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

NOVENO: Coa data do 19 de marzo de 2001 (registro de saída número 40.036, do día 22 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: Coa data do 19 de marzo de 2001 (registros de saída números 40.037 e 40.038, do día 22 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do

expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 19 de marzo de 2001 (registro de saída número 40.039, do día 22 do mesmo mes e ano), comunicóuselle á solicitante da clasificación **DONA MARÍA LUISA MOSQUERA CASANOVA**, veciña da parroquia da **PARTE** no concello de **MONFORTE DE LEMOS**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 4 de abril de 2001, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (anotación letra A, predio 30.947, folio 163, libro 299, do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, tomo 732 do arquivo).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 25 de abril de 2001, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 80, páxina 5.519, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte "**SERRA DE MONCAIS, SERRA DA PARTE e O CORNADO**".

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 9 de maio de 2001 (registro de entrada número 88.632), recibíuse certificación do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto ó público no taboleiro desc concello, durante o prazo de 30 días (desde o 27 de marzo ó 3 de maio – ámbolos dous incluídos) e sen que se presentaran reclamacións contra o mesmo.

DÉCIMO QUINTO: Non se recibiu ningunha reclamación relacionada coa posible clasificación do monte "**SERRA DE MONCAIS, SERRA DA PARTE e O CORNADO**" como veciñal en man común.

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu ningunha comunicación da comunidade de veciños implicada no procedemento e na que debían nomear a dous representantes para asistir como vocais ás reunións do Xurado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecelo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Na actualidade as tres parcelas que o integran están, en parte, cubertas de mato, principalmente xestas e, en parte, afectadas polos incendios forestais do pasado verán. Dada a escasa poboación da

comarca non teñen ningún tipo de aproveitamento, pero os veciños recoñecen que cando se explotou o monte facíano unicamente os veciños da parroquia da **PARTE** e sempre comunitariamente. Reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **«SERRA DE MONCAIS, SERRA DA PARTE e O CORNADO».**
Pertenza: veciños da parroquia da Parte.
Superficie: 119 hectáreas.
Concello: Monforte de Lemos.

Estremas da parcela «SERRA DE MONCAIS» - 82 hectáreas:

Norte: predios particulares. **Leste:** termo municipal de **POBRA DE BROLLÓN**. **Sur:** devasa do monte pertencente á comunidade de veciños da parroquia de **REIGADA**, e predios particulares. **Oeste:** predios particulares,

Estremas da parcela «SERRA DA PARTE» - 27 hectáreas:

Norte: límite coa parroquia de **VALVERDE**, baixando desde a «**SERRA DA PARTE**» ata os predios particulares das casas da **PARTE**. **Leste e Sur:** predios particulares. **Oeste:** liña divisoria de augas coas parroquias de **VALVERDE** e **RIBASALTAS**.

Estremas da parcela «O CORNADO» - 10 hectáreas:

Norte e Leste: predios particulares. **Sur:** devasa do monte pertencente á comunidade de veciños da parroquia de **REIGADA**. **Oeste:** liña divisoria de augas e na máxima pendente que baixa desde o Coto do Cornado ata o encoro do río Cabe, e divide coa parroquia de **RIBASALTAS**.



1. - ANTECEDENTES.

Con fecha de 27 de marzo de 2000, tiene entrada en el registro de esta Delegación escrito firmado por D.^a María Luisa Mosquera Casanova, D. Vicente Prieto Rodríguez, D. Manuel Vila Barredo, y D. Juan Vila Martínez, en el que solicitan al Jurado Provincial de Montes en Mano Común de Lugo, la iniciación del expediente de clasificación de este monte, según dispone la Ley 13/1989, de 10 de octubre de Montes Vecinales en Man Común.

En sesión celebrada por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de fecha 14 de junio de 2000, se acuerda solicitar al Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, la elaboración de la presente carpeta ficha del expediente de investigación previa.

2. SITUACIÓN, ORIENTACIÓN, PENDIENTE Y ACCESOS.

Según consta en la solicitud realizada por los vecinos, y corroborada por el técnico que suscribe el presente informe, el monte consta de tres parcelas identificadas con los nombres de *Serra de Moncais*, *Cornado* y *Sierra da Parte*. Todas ellas se encuentran en la parroquia de A Parte, en el Término Municipal de Monforte de Lemos.

La parcela *Serra de Moncais* tiene una altitud comprendida entre los 360 y los 533 metros sobre el nivel del mar, con orientaciones Sur y Oeste. La pendiente es de baja a moderada, oscilando entre el 10% y el 45%.

La parcela *Serra de A Parte* tienen una altitud de entre 350 y 470 metros sobre el nivel del mar, con orientación predominante Este. La pendiente es constante entre el 20% y 40%, existiendo en la parte más meridional zonas donde incluso rebasa el 50%.

La parcela de *O Cornado* tienen un rango altitudinal de entre 383 y 488 metros, y una orientación Noreste. La pendiente media es del orden del 35 – 40%.

Para acceder al monte, partiendo de Monforte de Lemos, se coge la carretera comarcal Lugo-Orense, en dirección a Sarria, a unos 3'5 km. se toma el desvío que enlaza con la carretera de Bóveda a Pobra de Brollón, hasta llegar a las casas de la parroquia de Santa María de A Parte, desde las cuales hay pistas que nos permiten llegar a las parcelas del monte. No obstante, el monte tiene malos accesos, y en el estado actual son malamente recorridos en su perímetro. Apenas tienen pistas o caminos que permitan el acceso por el interior.

3. SUPERFICIES.

La superficie total del monte "*Serra de Moncais, Serra de A Parte, O Cornado*" son **119 hectáreas**, que se reparten de la siguiente manera entre las tres parcelas que forman el monte:

- " <i>Serra de Moncais</i> "	82 ha.
- " <i>Serra de A Parte</i> "	27 ha.
- " <i>O Cornado</i> "	10 ha.
- TOTAL	119 ha.

4. LÍMITES Y PERÍMETROS.

Son los que a continuación se detallan:

- "*Serra de Moncais*".

Norte: Fincas particulares.

Este: Término municipal de Pobra de Brollón.

Sur: Cortafuegos del monte "*Sierra Pequeña, Moncayo, y Cornado*", perteneciente a la comunidad integrada por los vecinos de Reigada, y propiedades particulares.

Oeste: Fincas particulares.

- "*Serra de A Parte*".

Norte: Límite con la parroquia de Valverde, bajando desde la sierra de A Parte hasta las propiedades particulares de las casas de A Parte.

Este: Fincas particulares.

Sur: Fincas particulares.

Oeste: Línea divisoria de aguas con las parroquias de Valverde y Ribas Altas.

- **"O Cornado".**

Norte: Fincas particulares.

Este: Fincas particulares.

Sur: Cortafuegos del monte "*Sierra Pequeña, Moncayo, y Cornado*", perteneciente a la comunidad integrada por los vecinos de Reigada

Oeste: Línea divisoria de aguas y en máxima pendiente que baja desde el Coto do Cornado hasta la presa del río Cabe, y divide con la parroquia de Ribas Altas.

5. ESTADO FORESTAL. APROVECHAMIENTOS.

Las tres parcelas del monte se encuentran actualmente desprovistas de vegetación arbórea, y no fueron objeto de aprovechamiento forestal en tiempos recientes.


La zona de "*Serra de A Parte*", ardió totalmente en el año 2000, y actualmente se ha producido la reinvasión de vegetación herbácea y la recuperación del estrato arbustivo. La parcela de "*Serra de Moncáis*" también se vio afectada por las llamas en gran parte de su extensión hace tres años, encontrándose actualmente con matorral de mayor desarrollo, al igual que "*O Cornado*", donde también se recuerdan incendios recientes.

Los aprovechamientos tradicionales de estos montes, debieron de ser en principio, el pastoreo de toda clase de ganados, la roza del matorral, y sobre todo el cultivo de centeno. Solamente en circunstancias excepcionales y en las mejoras zonas se recurrió a la roturación y siembra de otras especies propias de la agricultura de la zona.

Todos estos aprovechamientos fueron realizados en común por los vecinos.

6. ESTADO SOCIO-ECONÓMICO.

La parroquia de A Parte, se encuentra bajo la influencia socio-económica del núcleo de Monforte de Lemos, capital de la comarca y el núcleo más importante del Sur de la provincia de Lugo. El 63% de la población la ocupa el sector terciario, sector mayoritario en la base económica local. Por el contrario, y a pesar de la



CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
DELEGACION PROVINCIAL DE LUGO
Servicio de Montes e Industrias Forestais

MONTE : " SERRA DE MONCAIS, SERRA DE A PARTE, O CORNADO "
Pertencencia : Parroquia de A Parte
Término Municipal : Monforte de Lemos

Superficie " Serra de Moncais "	82 has
Superficie " Serra de A Parte "	27 has
Superficie " O Cornado "	10 has
Superficie total	119 has

ESCALA : 1 : 10.000
Lugo, Febreiro do 2001
O Encarregado de Montes
[Signature]
Edo: R. Ignacio Sánchez Álvarez

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18.12.2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC Moncaio, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga (exp. 64/76), pertencente aos veciños da parroquia de Reigada (Monforte de Lemos); **MVMC Serra de Moncais, Serra de Parte e O Cornado** (exp. 12/2000), pertencente aos veciños da parroquia da Parte (Monforte de Lemos); **MVMC Serra de Moncaio** (exp. 14/99), pertencente aos veciños da parroquia de Fornelas (A Pobra do Brollón); **MVMC San Roque e Cornao** (exp. 2/2001), pertencente aos veciños da parroquia de Ribasaltas (Monforte de Lemos).

O 29.9.2022 tivo entrada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo entre a comunidade de Reigada e as comunidades da Parte, Fornelas e Ribasaltas, en canto ás liñas que separan os seus montes veciñais.

Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas.

O 8.11.2023, o Servizo de Montes emitiu un informe **(2022_217)** no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- **MVMC Moncaio, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga:** 166 ha
- **MVMC Serra de Moncais, Serra de Parte e O Cornado:** 117 ha.
- **MVMC Serra de Moncaio:** 61 ha
- **MVMC San Roque e Cornao:** 51 ha


Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.
Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18.12.2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC Serra de Moncais, Serra de Parte e O Cornado (exp. 12/2000), pertencente aos veciños da parroquia da Parte (Monforte de Lemos); **MVMC Serra de Moncaio** (exp. 14/99), pertencente aos veciños da parroquia de Fornelas (A Pobra do Brollón); **MVMC San Roque e Cornao** (exp. 2/2001), pertencente aos veciños da parroquia de Ribasaltas (Monforte de Lemos).

O 29.9.2022 foi presentada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre a comunidade da Parte coa de Fornelas e Ribasaltas, en canto ás liñas divisorias que separan os seus montes veciñais. Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas.

O 8.11.2023, o Servizo de Montes emitiu un informe (**2022_243**) no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- **MVMC Serra de Moncais, Serra de Parte e O Cornado:** 119 ha.
- **MVMC Serra de Moncaio:** 60 ha
- **MVMC San Roque e Cornao:** 50 ha

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, **ACORDA** aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado. Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga


Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal



Asinado por: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, MANUEL
Cargo: Xefe Servizo
Data e hora: 08/11/2023 17:38:20
Motivo: Visto e prace

Asinado por: VILLAVERDE VIEITES, SONIA
Cargo: Xefe Sección Topografía
Data e hora: 08/11/2023 17:23:05

CVE: 3Kln0chlgYPO
Verificación: https://sede.xunta.gal/ove



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano de:

Deslindamento por avinza entre o monte veciñal en man común "Serra de Moncáis, Serra da Parte e O Cornado" (exp. 12/2000) e os montes "San Roque e Comao" (exp. 2/2001) e "Serra do Moncáo" (exp. 14/99)

Carpeta 2022_243

Monte: Serra de Moncáis, Serra da Parte e O Cornado 12/2000	Monte: San Roque e Cornao 2/2001	Monte: Serra do Moncáo 14/99
Pertenza: Veciños da p. da Parte	Pertenza: Veciños da p. de Ribas Altas	Pertenza: Veciños da p. de Fornelas
Concello: Monforte de Lemos	Concello: Monforte de Lemos	Concello: A Pobra de Brollón
Superficie previa: 117 ha	Superficie previa: 51 ha	Superficie previa: 61 ha
Superficie posterior: 119 ha	Superficie posterior: 50 ha	Superficie posterior: 60 ha

Escala: 1:18.000

PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR

AO DESLINDAMENTO

Visto e prace

O xefe do Servizo de Montes

A enxeñeira técnica en topografía

Lugo, 7 de novembro de 2023

12/2000 Parte_post

2/2001 Ribas Altas_post

14/99 Fornelas_post

Manuel González Fernández

Sonia Villaverde Vieites

ETRS89-UTM 29N

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **4.6.2024**, figura o seguinte acordo:

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o xurado, na reunión celebrada o 17.09.2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación.

MVMC Serra de Moncais, Serra da Parte e O Cornado (exp. 12/2000), pertencente aos veciños da parroquia da Parte, concello de **Monforte de Lemos**.

O 29.9.2022 tivo entrada unha solicitude da comunidade da Parte para que se proceda á revisión do esbozo do seu monte veciñal conforme á proposta que achegan.

O 23.4.2024, o Servizo de Montes elaborou unha proposta co novo esbozo **(nº 2022_247)** na que se recolle que a superficie do monte de **Serra de Moncais, Serra da Parte e O Cornado** pasa a ser de **103,22 hectáreas**.

Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, **ACORDA** aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga


Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal



Asinado por: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, MANUEL
Cargo: Xefe Servizo
Data e hora: 23/04/2024 14:23:42
Motivo: Visto e prace

Asinado por: VILLAVEDE VIEITES, SONIA
Cargo: Xefe Sección Topografía
Data e hora: 23/04/2024 14:09:54

CVE: A3OjEkuZu60
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano de:
Revisión de esbozo do MVMC Serra de Moncáis, Serra da Parte e O Cornado
Carpetá 2022_247

Monte: MVMC Serra de Moncáis, Serra da Parte e O Cornado
Pertenza: Veciños da parroquia da Parte
Concello: Monforte de Lemos
Sup. previa: 119 ha
Sup. revisada: 103,22 ha

Escala: 1:10.000

PLANO 2: MONTE REVISADO

Visto e prace
O xefe do Servizo de Montes

A enxeñeira técnica en topografía
Lugo, 16 de febreiro de 2024

12/2000 MVMC da Parte_revisado

Manuel González Fernández

Sonia Villaverde Vieites